Yago Barriuso Veleiro e Gonzalo García Bartolomé

Os alumnos de 5ºA o 27 de febreiro saímos a facer un tour por Santiago. O percorrido fíxonos recuar 813 anos, o que corresponde á Baixa Idade Media. A nosa guía foi Nuria, que nos ensinou moito dun modo divertido o Medievo santiagués. Foi unha visita longa e entretida, cunha parada para comer e xogar na Praza da Quintana.

A nosa ruta foi: Porta do Camiño, Rúa de Algara de Fondo, Praza do Campo (actual Praza de Cervantes), Praza do Paraíso, Praza das Praterías, Praza da Quintana, Rúa Nova, Igrexa de Santa María Salomé e Porta de Mazarelos.
Porta do Camiño: aquí comezamos o camiño. Nuria deunos uns libriños e comentounos como era a sociedade que vivía nas cidades e a que vivía no campo. Díxonos que o rei do Reino de Galicia atopábase en León mentres que a Igrexa estableceuse en Santiago sendo o bispo a persoa máis importante.
***Rúa de Algara de Fondo**: debedes pasarvos por alí algún día. Nesta rúa podedes ver un fragmento da muralla que antes protexía a cidade, a diferenciaba do campo e defendíaa da peor enfermidade que naquela época era a peste negra.*
***Praza do Campo**: este era o seu nome antigo. O nome fai referencia a que antigamente o mercado facíase nesta praza. Tamén o pregoeiro lía aquí os pregóns. E uns compañeiros da clase representaron unha escena da historia de Santiago.*
***Praza do Paraíso**: por esta praza entraban os peregriños á Catedral. Este nome venlle porque antes nesta porta da Catedral por fóra había imaxes de Adán e Eva antes dun incendio que a afectou. Unha imaxe, a da expulsión, está na porta da Praza das Praterías.*
***Praza das Praterías**: o nome púxose porque o gremio dos prateiros estaba neste lugar.*
***Praza da Quintana**: fixemos un descanso. Comemos e xogamos ao pilla dos pés en alto.*
***Rúa Nova**: vimos unha casa medieval feita de madeira, pedra, ferro, pallabarro e tellas.*
***Igrexa de Santa María Salomé**: a Igrexa fixo que os traballos da construción se desenvolveran moito.*
***Porta de Mazarelos**: esta é a única porta da muralla que se conserva. Antes as portas servían para controlar á xente e ás mercadorías. Aquí representaron outra obra un grupo de nenos. Nesta obra o concello discutía sobre o estado das portas. Aquí a excursión chegou ao seu fin.Sentiámonos moi fascinados por todo o que estabamos aprendendo.*

Compostela Medieval

O pasado mércores día 27 de febrero do ano 2013, fomos de ruta por Santiago de Compostela coa actividade ``Santiago Medieval´´. Esa excursión fora prevista para días antes, pero pospuxérona polas condicións meteorolóxicas.
Esta actividade axudounos a ver Santiago doutro xeito observando con maior atención as súas casas e rúas, comprendendo que aínda hai restos da época medieval. Para acompañarnos nesta experiencia estaba o noso guía Xesús.
Para introducir a actividade falounos sobre a Idade Media, que comezou coa caída do Imperio Romano e rematou no século XV co descubrimento de América. Falounos das clases socias que había na época que se dividían en privilexiados e non privilexiados…; sobre que Santiago na Idade Media estaba rodeada dunha muralla e había sete portas para entrar e saír da cidade: Porta do Camiño, Porta Faxeira, Porta da Pena, Porta de Mazarelos, Porta Trinidade, Porta de Mámoa e Porta de San Francisco.
Despois dirixímonos a rúa de Entremuros; alí, explicounos que había casas apoiadas na cara exterior da muralla ou na cara interior. Nesa rúa, había un fragmento da muralla sobre o cal se ergue unha casa . Continuamos camiñando ata a rúa Algara de Fondo. Nesa rúa, hai unha casa medieval que ten un beirís. Os beirís, segundo nos dixo Xesús, eran moi típicos nas casas da Idade Media.
Paramos en prazas como a Praza de Cervantes que antigamente chamábase Praza do Campo. Nela, os nosos compañeiros foran protagonistas dunha pequena obra teatral que representaba unha escena daquela época. Máis tarde falounos dos castigos que lles impoñían á xente cando roubaban ou cometían algún outro delito como a ``Picota´´ ou a ``Forca´´. Chegamos a Praza do Paraiso, hoxe Praza da Inmaculada. Nela había una fonte para lavarse os peregrinos antes de entrar na Catedral. Falounos sobre as moedas, que se chamaban Maravedis e Brancas.
Despois baixamos polo Arco de Palacio onde Xesús nos ensinou unhas marcas nas pedras e díxonos que na Idade Media poñían estas marcas nas pedras para recoñecer quen construira aquela parte da parede. De alí, baixamos ata o Obradoiro, chamado así por ser un obradoiro onde traballaban os canteiros, ferreiros, carpinteiros…, que estaban a construír a Catedral.
Pasamos pola Rúa do Franco, chamada así polos peregrinos francos que se instalaban nesa rúa. Na Praza de Praterías só había prateiros e exclusivamente se vendían obxectos de prata.
Despois do noso recreo na Praza da Quintana, pasamos polo museo da Catedral para visitar o claustro, vimos a fonte en forma de cuncha que era a que estaba na

Praza da Inmaculada. Entramos no Panteón Real, onde había reis enterrados e outros personaxes galegos importantes.
Dentro do museo estaban o Códice Calixtino, que garda a primeira polifonía a dúas voces; e o Tombo A, que recopila cousas ditas polos reis.
Rematamola visita no Arco de Mazarelos que é a única porta que segue en pé despois de tantos anos. Alí, os nosos compañeiros interpretáronnos outra escena sobre a Época Medieval.
Foi una experiencia moi bonita e interesante. Gustaríanos repetila pois a nosa cidade é un tesouro aínda por descubrir.

Diego Barreiro, Carlota Abril, Álvaro Andión e María Álvarez. 6ºA